

Neniae

No bènçe das miñas rimas
deitéi a miña emoción.

Tapéi-na, bèn tapadiña,
co veludo do solpôr...

Chegóu moi cansiña, cansa,
cansiña de tanto andar
co seu carriño de estrelas,
todo cheio de luar.

Traiguía os pès degresados
de correr polas veredas.
-nos silveirales da aurora
rachara o traxe de seda-

¡Pòbresiña, pòbresiña!
mòrta de sono e de frío,
adormecéu nos meus brazos
coma unha estrela no río.

E deitei-na no seu bènçe,
todo feito de ternura.
-As sabas son de saudade,

os cabezales de lua.

Neste libro vol-a deixo,
deixo-vol-a adormecida,
é unha avelaiña a zul
sobre unha flor mareliña.

Quén o seu bérce anainar,
ha de ter a mau lixeira:
ha de pillar uha ròsa
sin abalar a ròseira.

...Ha de pillar unha ròsa
sin abalar a ròseira...

Aquilino Iglesia Alvariño: *Corazón ao vento*, 1933 (en edición de Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1986)